



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Abril 2026



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Abril 2026

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	48.455	8.081	79.468	15.811	12.390	16.360	38.852
Noites	90.822	13.996	126.004	29.074	22.691	24.318	73.014
Var. Viax. 26/25	8,7%	70,6%	-5,0%	11,3%	0,2%	9,6%	8,0%
Var. Noites 26/25	4,6%	43,6%	-7,6%	-5,3%	7,9%	21,3%	27,8%
Estadía Media	1,87	1,73	1,59	1,84	1,83	1,49	1,88
Var. EM 26/25	-3,8%	-15,8%	-2,7%	-14,9%	7,7%	10,7%	18,3%
% Ocupación	57,5%	45,3%	55,8%	45,9%	56,0%	60,8%	49,5%
Var. Ocupac. 26/25	2,64	14,70	-4,38	-3,14	3,17	10,36	14,22
Prazas	5.214	1.030	7.452	2.111	1.348	1.320	4.885
Var. Prazas 26/25	-0,6%	-2,8%	-0,2%	1,2%	2,7%	0,7%	-8,9%

- No mes de abril deste ano 2026 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 219 mil viaxeiros aloxados e 380 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 49,0% do total da comunidade -a metade das noites en Galicia-, porcentaxe inferior á dos últimos tres meses mais levemente superior á rexistrada en abril do pasado ano -en 2025 o peso do turismo urbano situábase no 48,1% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- Neste punto cabe ter en conta que os resultados deste mes está condicionados en parte polo efecto do calendario coa celebración da Semana Santa en períodos diferentes neste ano -parte en marzo e parte en abril- e no pasado 2025 -cando a Semana Santa se celebrou integramente no mes de abril-.



- Agora en abril sitúase a cidade de Compostela, por vez primeira neste ano, como o destino líder do turismo urbano en Galicia – substituíndo a A Coruña que liderou o ranking a nivel autonómico no primeiro trimestre, e a Vigo que o fixo puntualmente en decembro-. Con 126 mil noites a cidade compostelá absorbe o 33% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites- e o 16% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -relativamente preto, con 91 mil pernoctacións- e Vigo -que pasa a ocupar o terceiro posto con 73 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 76% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe similar á dos últimos catro meses-.
- O 24% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste cuarto mes – absorbe o 3,7% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia increméntase un 5,0% en relación ao mes de abril do pasado ano -nun contexto de crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto por vez primeira nos últimos doce meses -hai que remontarse a abril do pasado ano para observar un crecemento do turismo urbano en termos interanuais-. Neste período alternáronse meses de estabilidade da demanda -de maio a xullo do pasado ano, ou en decembro e xaneiro deste ano- con meses de caída do número de noites -de agosto a novembro de 2025, ou en febreiro e marzo deste ano-.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en cinco cidades, con maior intensidade en Ferrol –rexistra un crecemento medio por encima do 40%- e de forma menos acusada en A Coruña -onde o número de noites sobe arredor dun 5%- . Engádese a esta lista a cidade de Vigo, que consegue superar nun 28% o número de noites do pasado ano -por segundo mes consecutivo- así como Pontevedra -cunha suba do 21%- e Ourense -cun incremento neste caso do 8%-.
- O nivel de demanda descende, en cambio, nas dúas restantes cidades -un 5% en Lugo e un 8% en Santiago-. A cidade compostelá rexistra agora en abril, igual que en marzo, o peor comportamento da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- A cidade herculina acumula dezaseis meses consecutivos de crecemento da demanda -dinámica homoxénea en todo 2025-, a taxas variables que superan o 20% interanual en febreiro, abril e decembro do pasado ano e en xaneiro deste ano, e só por debaixo do 10% en marzo e agora en abril.
- No lado contrario a cidade de Santiago acumula dez meses consecutivos de caída do número de noites, de xullo do pasado ano a abril deste ano -ademais das caídas puntuais rexistradas en febreiro e maio de 2025-.
- Neste mes rompen a dinámica anterior dous destinos: a cidade de Vigo -que rexistra crecemento da demanda por segunda vez consecutiva logo de amosar caída nos doce meses anteriores- e a cidade de Lugo -que presenta o contrario, descenso tamén por segundo mes consecutivo do número de noites logo de acumular doce meses consecutivos de crecemento ata febreiro deste ano-.



- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -A Coruña neste caso-, xunto con Vigo, Ourense e Pontevedra e, pola contra, caída en Lugo e Santiago -de moderada intensidade-.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en boa parte dos destinos -cinco en particular-, con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadia. En Lugo e Ourense ambas variables van en sentido contrario, xogando un papel importante neste caso a variación da estadia media.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia increméntase agora en abril, por vez primeira nos últimos doce meses -de maio do pasado ano a marzo deste ano alternou meses de estabilidade con meses de caídas en termos interanuais-. O número de noites no conxunto das sete cidades increméntase un 5,0%, circunstancia que en síntese presenta un comportamento equivalente ao observado no conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 3,2%-. Por tanto, no resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda ten un comportamento positivo pero suave pois supera nun 1,6% a cifra do pasado ano. A diferente intensidade no crecemento da demanda leva a que o peso do turismo urbano suba en relación ao mes de abril do pasado ano situándose no 49,0% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en cinco das sete cidades consideradas -circunstancia propia dun mes de temporada media, e que contrasta co observado habitualmente na temporada baixa e no verán cando o segmento internacional lidera o mercado en todas as cidades-, en porcentaxes que se achegan ao 65% en Vigo, sitúase no 73% en A Coruña e Ferrol, e achégase ao 80% en Ourense e Lugo -esta última presenta unha vez máis o maior peso do mercado nacional-. Marcan a excepción as cidades de Pontevedra e Santiago onde o turismo internacional supera en volume e peso ao nacional, representando o 56% das noites na primeira e o 63% nesta última.
- Acontece isto por vez primeira nos últimos seis meses, igual que na temporada media do pasado ano, e en contraposición ao observado no verán e na temporada baixa -cando todas as cidades amosan maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional. A temporada media presenta neste caso perfiles da demanda diferentes en función da cidade de referencia.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en tres destinos -inclúe parte de aqueles que presentan un crecemento global en termos interanuais-, cun incremento importante en Ferrol -de máis do 60% en relación ao pasado ano- e en Vigo -cunha suba do 32%- e algo máis suave en Pontevedra -do 12% interanual-. Mantense estable a demanda de orixe nacional en A Coruña e Ourense e descende, en cambio, nas dúas restantes cidades, un 6% en Lugo e un 22% en Santiago -esta última amosa a caída de maior intensidade-.



- O mercado internacional presenta en cambio unha dinámica positiva con algunha excepción concreta. Así sobe o número de noites dos estranxeiros en todas as cidades de Galicia agás en Lugo -onde se rexistra unha suave caída do 1,5% interanual-. Os incrementos varían en intensidade, sendo máis elevados en Ourense -onde se superan en case un 60% os niveis do pasado ano-. Sobe tamén de forma notable a demanda internacional en Pontevedra -un 30%-, en Vigo -un 21%- e en A Coruña -un 20% neste caso-. Os crecementos son máis moderados en Ferrol -do 9%- e Santiago -do 3% neste caso-.
- Desta maneira catro destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en Ferrol, Pontevedra e Vigo -estas dúas últimas igual que no mes anterior-, e descensos parellos en Lugo. A Coruña, Santiago e Ourense amosan, en cambio, unha dinámica diferente para ambos segmentos.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado é algo diferente en relación ao pasado ano. Neste sentido mantense estable en conxunto o turismo de ámbito nacional -a variación é inferior ao 1% interanual- mais increméntase o internacional -un 12% neste caso-. Diferente dinámica apréciase no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se rexistra un comportamento positivo tanto do mercado nacional como de aquel de orixe internacional -ambos increméntanse de forma moi suave, preto do 2% en relación ao pasado ano-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra equivalente á media da comunidade e tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia. Este dato varía levemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña e Vigo -con 1,9 noites de media en ambas-, e o máis baixo Santiago -con 1,6 noites- e Pontevedra -con 1,5 noites de media neste caso-. Estas dúas últimas son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en tres destinos -con maior intensidade en Vigo, en preto dun 20%, e de forma máis suave en Ourense, nun 8% neste caso-. Engádese tamén Pontevedra cunha suba do 10%. Descende, en cambio, nas catro restantes -arredor dun 3% en A Coruña e Santiago e entorno a un 15% en Ferrol e Lugo-. Nesta última a caída da estadía media provoca que o incremento da cifra de viaxeiros aloxados se traduza nun descenso do número de noites.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes só dous destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -Lugo e Ourense neste caso, un 1% e 3% respectivamente-. A Coruña, Santiago e Pontevedra mantéñense en cifras parellas mentres que descende a oferta dispoñible nos dous destinos restantes -un 3% en Ferrol, e un 9% en Vigo-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira. Así, apréciase melloras en cinco destinos, con subas notables en Ferrol e Vigo -de case quince puntos porcentuais- e de menor intensidade en A Coruña e Ourense -arredor de tres puntos en ambas-. Sobe tamén, e de forma importante,




en Pontevedra -arredor de dez puntos porcentuais neste caso-. O nivel de ocupación descende nas dúas restantes cidades -en tres puntos en Lugo e en algo máis de catro puntos en Santiago-. Esta última acumula catro meses consecutivos de caída do nivel de ocupación.

- Cun 60,8% de media Pontevedra rexistra neste cuarto mes de 2026 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por vez primeira nos últimos meses, substituindo a Vigo que rexistrou a porcentaxe máis alta en decembro, a A Coruña que o fixo nos dous primeiros meses deste ano e a Ourense que o fixo en marzo-. Xustamente A Coruña rexistra tamén unha cifra notable agora en abril, ocupando o 57,5% neste caso, por diante de Santiago e Ourense -ambas con arredor do 55%-. Os restantes destinos rexistran unha ocupación levemente inferior, cun 50% de media en Vigo e algo máis do 45% en Ferrol e Lugo.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 53,8%, trece puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos supera en máis de tres puntos a porcentaxe do pasado ano e en cinco puntos a de 2024, rexistrando así en 2026 un máximo da serie histórica do mes de abril. O crecemento da demanda -número de noites- acontece nun contexto de descenso suave da oferta dispoñible -número de prazas ofertadas-, circunstancia que mellora o nivel de ocupación.
- As tarifas hoteleiras acadan os 86,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por vez primeira desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado, substituindo a Vigo -que presentou as tarifas máis alta de novembro a marzo, nos últimos cinco meses-. A Coruña e Vigo sitúanse a continuación con cifras relativamente parellas, en concreto con 78,6 euros e 78,4 euros, respectivamente, ficando as restantes dúas cidades con cifras inferiores -do contorno dos 71 euros en Ourense, e de 58 euros en Lugo.
- Os prezos medios incrementáronse en todas as cidades agás en Santiago -onde se rexistra unha suave caída do 1,4%-. Os crecementos son notables en Vigo -do 17%- e en A Coruña -do 10% neste caso-. En Lugo e Ourense as subas son máis moderadas, do 2% e 6%, respectivamente.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse variacións tamén positivas nos destinos urbanos. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en catro destinos, con maior intensidade en Vigo -froito da variación positiva dos prezos e da ocupación, superando nun 40% o nivel de rendibilidade do pasado ano-, en Lugo -cun incremento neste caso do 21%-, e en A Coruña e Ourense -cun crecemento medio do contorno do 15%-. O RevPAR hoteleiro descende unicamente en Santiago -marcando novamente a excepción no ámbito urbano de Galicia- cunha caída do 7% froito do mal comportamento da demanda, ocupación e prezos.
- Con 54,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible a cidade de Santiago rexistra neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado dos destinos urbanos de Galicia. A Coruña presenta tamén unha cifra importante, con 52,3 euros de media, superando o nivel das tres restantes cidades -con 47,6 euros en Ourense, 44,3 euros en Vigo e 35,7 euros en Lugo-.


- A cidade lucense rexistra agora neste cuarto mes de 2026 o nivel de rendibilidade hoteleira máis baixo dos destinos urbanos considerados, igual que en marzo e substituíndo a Santiago que o fixo nos dous primeiros meses do ano.
- En termos de emprego, e do mesmo xeito que acontece coas variables de demanda e ocupación, rexístrase neste mes un incremento do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 2,5% interanual-, deixando o volume final en pouco máis de 2.800 neste mes de abril -cifra que supón un máximo da serie histórica deste cuarto mes-.
- Esta dinámica vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en cinco cidades en particular. Destaca en intensidade a suba rexistrada en Pontevedra -supera nun 33% o nivel do pasado ano-, por diante de Lugo -cun incremento medio do 20%-, Ferrol -do 14%-, A Coruña -do 6,5%- e Ourense -de apenas o 2% neste caso-. O volume de emprego mantense estable en Vigo e descende unicamente en Santiago -un 8% neste caso-.




Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, abril 2026




Variación da demanda turística nas cidades. Noites abril 2026/25



Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Abril 2026




Nivel de ocupación e variación interanual. Abril 2026







Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, abril 2026



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, abril 2026/25



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Abril 2026



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Abril 2026

